

PEZA DO MES

xuño

2021



**VASO VOTIVO
CASTRO DE CASTROMAO**



DETALLE DA DECORACIÓN

Vaso votivo. Castro de Castromao

Contexto arqueolóxico

O vaso que presentamos foi recuperado no xacemento de Castromao, na campaña de escavación de 2007, dirixida por L. Orero Grandal. O xacemento de Castromao é un dos máis relevantes do sur de Ourense, especialmente para o estudo do cambio de Era en Galicia, grazas, entre outros, á *tabula* de hospitalidade entre os *colernos* e un prefecto da *Cohors I Celtiberorum* en 132 d. C. Os traballos arqueolóxicos iníciáronse en Castromao na década de 1920, cando foi catalogado polo Seminario de Estudos Gallegos. Na prospección, identificouse a muralla e recolléronse algúns materiais. Entre 1963 e 1967, García Rollán realizou as primeiras escavacións na parte noroeste, ao longo da muralla, durante as cales se localizaron numerosas construcións. Igualmente, realizáronse catas en puntos da contorna, nas cales se recolleu abundante material. Entre 1970 e 1973, Ferro Couselo e Xaquín Lorenzo escavaron na zona leste; traballos que serán retomados a finais da década e ata 1983 por F. Fariña Busto e A. Seara Carballo. Entre outros traballos, realizouse unha gabiá en sentido norte-sur na metade sur do xacemento

e interveuse na ladeira oeste. Luis Orero Grandal traballará no xacemento entre a década de 1990 e 2000 que afectou a diversas zonas do xacemento. A campaña de que procede a peza estudada, 2007, afecta a esquina suroeste. Nesta zona, as estruturas están bastante destruídas pola forte pendente, aínda que se puideron localizar varios niveis de ocupación e muros superpostos.


O recinto ten unha extensión de dúas hectáreas aproximadamente. O xacemento ocupa unha plataforma plana delimitada por afloramentos graníticos. Dende a parte alta, descende polas ladeiras nunha pendente suave. A zona suroeste é a máis escavada, na cal se localizaron multitude de estruturas, tanto redondas como cadradas, que se dispoñen en unidades habitacionais que se colocan en plataformas a distintas alturas conformadas mediante muros de contención e socalcamento.

Descrición da peza

Trátase da parte superior dunha xerra ou vaso de 10'5 cm de diámetro aproximadamente cunha característica decoración. Consérvanse dúas asas da peza, aínda que se ten dito que podería ter unha terceira, agora perdida. Enriba das asas, obsérvanse cuncas hemisféricas. Na parte superior do corpo aparece un cordón plano, xunto con catro motivos realizados a molde e aplicados ao vaso. Dun lado, pódense observar a cabeza dun león e un acio de uvas e do outro, unha cesta que parece conter froitos e outro acio de uvas, aínda que cunha configuración algo diferente ao anterior. O borde é flexionado, cun labio lixeiramente resaltado.

Produción

Sobre a súa produción, as características da pasta apuntarían a unha cerámica común fina producida en *Bracara Augusta*. O centro oleiro de Braga é habitual provedor de cerámicas dos xacementos do val do río Arnoia e xerriñas e outros fragmentos de cerámicas pintadas aparecen frecuentemente no rexistro de Castromao. Aínda que a cerámica deste xacemento non foi estudada en profundidade, as primeiras observacións indican que, xunto con estas producións bracarenses, Castromao recibe dende un momento temperán vaixelas importadas (*terra sigillata* itálica, sudgálica e especialmente, hispánica, cerámica de paredes finas, cerámicas bracarenses e lucenses...) en cantidades relevantes (arredor dun 20% dos individuos na campaña de 2007). Estes produtos chegarían desde o século I



polas vías terrestres que decorren polo interior do noroeste a través das súas capitais. Polas súas inmediacións decorrería a vía XVIII que o converte nun punto central entre as capitais, o que propicia esta chegada temperá e abundante de todo tipo de obxectos dos centros produtores. Esta mesma situación encontrámola noutros xacementos próximos, como a Cibdá de Armea ou, xa na contorna da cidade de Ourense, Santomé.

Paralelos

Non podemos identificar ata o momento ningún vaso ou xerriña idéntico ao noso, nin entre o catálogo de formas bracarense nin en outros conxuntos publicados de xacementos do noroeste ou peninsulares. Polos dous pequenos cuncos que coroan as asas e a decoración, cremos que se trata dun vaso votivo ou relacionado con algunha función ritual. Unha posibilidade é que se trate dun vaso fálico, estando o falo situado nunha parte máis baixa do corpo, que non se conserva. No repertorio de Braga, hai un vaso fálico completo, con decoración pintada en vermello, así como falos e vaxinas dispostos na parede. Coñécense outros vasos deste tipo por toda a Península, aínda que son normalmente de produción local. Algúns, como os de Conimbriga ou o de Lancia, tamén

presentan cuncos ou cazoletas como o atopado en Castromao. Cabe mencionar, para o noroeste, un vaso ritual de produción local aparecido en *Lucus Augusti*, que, ademais da decoración habitual espatulada presente en parte das cerámicas lucenses, incorpora nas asas, cadansúa serpe aplicada, motivo do cal existen abundantes paralelos en vasos considerados votivos. Outras pezas votivas incorporan motivos relacionados coa fertilidade ou o programa báquico, como uvas ou outros froitos e animais como leóns ou serpes. Entre outros, destaca o famosísimo vaso máxico de Pompeia. Como o individuo que nos ocupa, o vaso pompeiano ten pequenas cuncas sobre as asas e un gran acio de uvas, que supón un dos motivos centrais da decoración. Ademais do acio, tamén aparecen diversos animais, que se aplican sobre a parte alta do corpo, igual que no de Castromao. Hai que mencionar outra peza excepcional, aparecida na vila de Toralla, tamén de produción bracarense aínda que de cronoloxía posterior á proposta para este vaso, que é unha gran crátera. Entre a decoración desta peza aparecen varias vides na parte superior, así como animais na franxa media, entre os cales se poden distinguir aves, felinos ou équidos. Mentres que a decoración desta crátera de Toralla é pintada, a do vaso de Castromao está realizada con relevos aplicados, algo que é pouco frecuente no repertorio. En pezas como estas, os motivos vexetais como uvas ou outros froitos, así como os diversos animais que aparecen, son relacionados con temas dionisiacos ou místicos.

Cronoloxía

O contexto de aparición desta peza aglutina obxectos de diversa procedencia que nos poden axudar a datar a peza e o momento de ocupación de Castromao a que pertence. Neste contexto aparece a TSH en abundancia, destacando especialmente as Drag. 15/17 con diámetros amplos, exvasadas e con pé baixo, así como as Drag. 27, tamén con grandes diámetros. Entre a cerámica común habería que destacar a presenza de xerriñas piriformes e as ánforas de fondo plano, así como as numerosas cazolas e pratos e o cunco de vidro Isings 3b. Este conxunto remitiríanos a finais do século I ou inicio do século II, e debemos considerar a TSSG e TSI como residual.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

pechado luns e festivos oficiais

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense


TEXTO: Alba Antía Rodríguez Nóvoa


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 

 Xacobeo 21:22



 XUNTA DE GALICIA